



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA RONDALLA E O CORO

● UNIFORME

- A parte superior é unha camisa de manga larga, pescozo mao de cor burdeos ou no caso dos nenos un polo de manga larga, tamén burdeos.
 - A parte inferior é un pantalón de vestir ou no caso das mulleres pode ser unha saia longa recta, cunha abertura na parte posterior que non pode pasar dos xeonllos, ambos de cor negro.
 - Os homes levaran cinto, calcetíns e zapatos de vestir todas as pezas de cor negro.
 - As mulleres levaran medias e zapatos cerrados, ambos tamén de cor negra.
 - Non se poderá levar ningún outro complemento durante as actuacións da rondalla e do coro, ni usar aqueles que resalten fóra dos parámetros explicitados anteriormente como uniforme das agrupacións.
 - Para as actuacións informais (pasacalles, panxoliñas en centros sociais, verbenas, etc.) terán que adquirir unha camiseta básica de algodón azul serigrafiada co logo e o nome da asociación. O resto da indumentaria para este tipo de actuacións é totalmente libre, intentando non destacar sobre o resto.
 - Folga dicir que os directores das dúas agrupacións terán a última palabra á hora de decidir a indumentaria que se levará a un evento, avisando sempre con antelación aos integrantes das mesmas.
- *Existe un **responsable da indumentaria** que no caso de necesitar mercala lle indicara onde facelo e no caso de dúbida, intentara solventala.*
- *O non cumprimento desta norma pode ser causa para que tanto o director como o encargado da sección da indumentaria acorden non deixaren actuar ao Rondallista/Coralista.*
- *A adquisición e mantemento do uniforme correrá a cargo de cada membro das agrupacións.*

● ACTUACIÓNS

- Todos os membros das agrupacións deberán estar no lugar da actuación unha hora antes da mesma para así poder quentar as voces e afinar os instrumentos, no caso do coro e rondalla respectivamente, así como para repasar e vestirse. Cada membro deberá responsabilizarse do seu instrumento, partituras e atril.
- No caso de ser un integrante menor de idade (membros da percusión e a todos aqueles que teñan dificultades para o desprazamento) deberá poñerse de acordo cun membro da Xunta Directiva, o Director ou o responsable da sección para o traslado das cousas que lle foran precisas para a actuación.
- No caso de ser unha actuación que requira un longo desprazamento, cada membro terá que estar coas súas cousas no lugar acordado pola Xunta Directiva, o Director ou o responsable da sección.

● ENSAIOS

- A hora de comezo dos ensaios estará determinada ao principio de cada curso pola Xunta Directiva en acordo co Director. De este xeito, prégase aos integrantes estar quince minutos antes de cada ensaio para preparar as cousas para o mesmo, pero sen entorpecer a todas aquelas actividades que nese momento se estean levando a cabo no local social.
- Do mesmo xeito, é potestade do Director o cambiar o día e a hora dos ensaios dunha maneira excepcional e co acordo da maioría dos seus membros.
- Nos ensaios hai que silenciar os teléfonos móbiles co fin de non entorpecer o desenvolvemento dos mesmos, mostrando así un maior respecto polo resto de compañeiros.
- Sempre que se vaia a faltar a un ensaio deberase avisar con 24 horas de anticipación ao Director ou ao responsable da sección.
- A falta reiterada aos ensaios poderá ser tomada en conta polo Director para non permitir ao infractor acudir ás seguintes actuacións.
- Para os ensaios poderase colocar as cousas do local como se precise, aínda que haberá que deixalo colocado todo tal e como se encontrou para o correcto funcionamento do resto das actividades (cadeiras, mesas, instrumentos, carpetas, atrís,...).



- Como agrupacións numerosas dentro da entidade, tamén recaerá sobre elas, como en todas as actividades, a tarefa de limpar o local social da maneira que estime oportuna a Xunta Directiva e o coordinador de dito grupo.
- Todos os membros deberán botar unha man ou facer quendas nesas tarefas.
- Durante os ensaios non se permitirá deixar as fundas dos instrumentos, carpetas, chaquetas e bolsos no sofá do local, senón que para iso haberá habilitada unha mesa e os colgadoiros.

- **PARTITURAS**

- O Director ou responsable da sección proporcionará aquelas partituras que sexan precisas. En caso de non proporcionalas con anterioridade por vía electrónica, faranse as fotocopias no local. De telo feito, prérgase aos membros que leven cadansúa copia aos ensaios para así axilizar o proceso dos mesmos.
- En caso de que unha persoa entre nova nas agrupacións deberase poñer en contacto o encargado con el para lle subministrar as partituras para que lle facilite todas aquelas que lle sexan precisas para o ensaio e actuacións.
- As partituras nas actuacións serán levadas nunhas carpetas que proporcionará a Xunta Directiva e das que se terán que facer cargo os compoñentes, tanto do seu mantemento como da súa adquisición. Esta carpeta será a oficial das actuacións, polo que forma parte do uniforme.
- Nos ensaios cada quen poderá levar a súa propia carpeta

- **REPOSTOS**

- Aínda que os instrumentistas se comprometen a levar os repostos precisos, en caso de que os instrumentos de corda precisen repostos de emerxencia, deberanse de poñer en contacto coa persoa encargada para tales efectos para que lle proporcione os subministros e leve un control das existencias. De ningunha das maneiras poderá un membro facer uso dos repostos sen o coñecemento e consentimento do responsable.
- O responsable dos repostos deberá levados ás actuacións por se fosen precisos

Calquera outra dúbida ou suxestión poderá ser consultada coa Xunta Directiva, o director do Coro ou o da Rondalla, así como os responsables das distintas seccións.

Estas normas foron tomadas pola Xunta Directiva da Asociación Tanxedoira, o Director do Coro Tanxedoira, o Director da Rondalla Tanxedoira e o responsable da sección.